

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **17 de outubro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas
- Polo Grupo Municipal Socialista: dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP: don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica: dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación: don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 10 de outubro de 2014.**

Procedeuse a súa aprobación e sinatura.

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Desenvolvemento Local (Espazo Lab)**

- Para a adquisición de vestiario para os beneficiarios da acción formativa: “Coidador/a de persoas dependentes e enfermas de Alzheimer”, por importe de 839,69 euros, a favor de **PROTECCIÓN LABORAL VILLALBA, S.L.**
- Para asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da acción formativa “Acabado de carpintería e moble” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, a favor de **DON PABLO LÓPEZ RODRÍGUEZ.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de “habilidades sociais” da acción formativa “Acabado de carpintería e moble” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, a favor de **DONA FABIOLA FERNÁNDEZ REDONDO.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de “habilidades laborais” da acción formativa “Acabado de carpintería e moble” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, a favor de **DONA TANIA LÓPEZ FREÁN.**
- Para asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de fomento do

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 17-10-14.doc

Asunto:

coidado e respecto do medioambiente da acción formativa “Acabado de carpintería e moble” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, a favor de **DONA ANA BELÉN VELOSO COSTA.**

- Para asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de fomento da non discriminación el loita contra a exclusión social da acción formativa “Acabado de carpintería e moble” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, a favor de **DONA FABIOLA FERNÁNDEZ REDONDO.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

### - De Policía Local

- Para a adquisición de baterías e radioteléfonos, por importe de 2.214,30 euros, a favor da empresa **VEICAR.**
- Para a adquisición de 180 balizas para sinalización, por importe de 5.150,97 euros, a favor da empresa **SETRAMUR, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

### - De Bombeiros

- Para reparación de 2 emisoras portátiles, por importe de 401,72 euros, a favor da empresa **VEICAR.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Servizos Eléctricos

- Para a adquisición de materiais, por importe de 4.438,21 euros, a favor da empresa **DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A. e DIGAMEL, S.A.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Arqueoloxía

- Para deseño, maquetación e impresión do libro: “Traballos de arqueoloxía, nº 5”, por importe de 8.444,80 euros, a favor da empresa **SGRAF ARTES GRÁFICAS, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Benestar Social e Igualdade

- Para realización de obradoiros de igualdade de violencia de xénero nos diferentes institutos e colexios de primaria do Concello de Lugo durante o primeiro semestre do curso escolar 2014/2015, por importe de 3.811,50 euros, a favor da empresa **AMANDO DÍAZ PENA**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Deportes

- Para a reposición de diverso material de ensinanza para os cursiños de natación, por importe de 1.955,99 euros, a favor da empresa **OLGY, S.L.**
- Para a reparación de robot limpiafondos na piscina Municipal de Frigsa, por importe de 1.241,34 euros, a favor da empresa **TECHNICAL POOL SERVI.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### 3. Facturas para ditame

- Dación do decreto número 14009372, de data 15/10/2014, de aprobación de determinadas facturas.

O Sr. Interventor fai entrega dun listado de facturas inferiores ou iguais a 300 euros, correspondentes ó mes de setembro de 2014.

#### 4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.